



Cara a unha competencia plurilingüe

Xabier San Isidro

Asesor de Linguas Estranxeiras
Consellería de Educación
xsanisidro@edu.xunta.es

O enfoque plurilingüe, adoptado polo Consello de Europa, pon en valor o feito de que conforme se expande a experiencia lingüística nos contornos familiar, social, escolar e universitario, a persoa non garda estas linguas en compartimentos mentais separados, senón que desenvolve unha competencia comunicativa na que as linguas se relacionan entre si e interactúan.

Ata agora a xestión das linguas na escola facíase, e aínda se fai, dende unha perspectiva claramente monolingüe, é dicir, cada lingua prográmase de xeito independente. Os primeiros métodos baseábanse na mera transmisión de regras estruturais e na análise de forma, sen un currículo determinado nin unha base científico-lingüística propia. É o caso do método Grammar-translation. A razón de que os primeiros métodos non tivesen en conta o compoñente oral desembocou, nos inicios do século XX, na irrupción das metodoloxías naturais, que esquecían a escrita como destreza e se fundamentaban na adquisición natural da lingua como se fose L1.

As recomendacións europeas van enfocadas cara a un plurilingüismo que non esquece a importancia das linguas rexionais e minoritarias

Pola metade do século XX, trala aparición do Estruturalismo, xorden novas metodoloxías fundadas nesa corrente lingüística: o método audio-lingual nos Estados Unidos e o método situacional no Reino Unido, tendo ambos como obxectivo a adquisición da L2 a través de estruturas de repetición baseadas na corrección. Neste caso o profesor constitúe o centro da aula, sen dar cabida á negociación ou á atención á diversidade.

Nos anos 70 e 80, coa aparición da Psicolingüística e a Sociolingüística, as metodoloxías viran para o uso da lingua real, por un lado, e para a consideración do alumnado como centro do proceso ensino-aprendizaxe, por outro. Atopamos, por unha banda, as propostas metodolóxicas humanísticas (Suggestopedia, Language from Within, The Silent Way, Communicative Language Learning, The Natural Approach ou o Total Physical Response) e, por outra, o enfoque comunicativo (Communicative Approach), este último, o máis influente dos métodos do século XX. A metodoloxía parte, actualmente, do alumnado como elemento esencial no proceso de aprendizaxe, e a competencia comunicativa considérase suma de varias subcompetencias: gramatical, discursiva, socio-lingüística, socio-cultural e estratéxica. Así mesmo, o erro pasa a entenderse como parte natural do proceso. A aprendizaxe convértese, por tanto, en significativa, na medida en que o alumno relaciona o que está a aprender coa realidade. Este é o tipo de currículo no que se baseou a LOXSE para o deseño da área de Linguas Estranxeiras.

Nos anos 90 aparecen as metodoloxías construtivistas e cognitivas, que poñen máis énfase no proceso de aprendizaxe que no resultado. Este é o caso dos currículos Task-based, con base na realización de tarefas e proxectos, ou os Learner-led, que consideran que os tópicos que se deben tratar os decide o propio alumnado. Neste momento os rapaces e as rapazas desenvolven o currículo a partir dos seus propios intereses, e a negociación e uso de materiais auténticos constitúense en pezas clave. Porén, en todos os casos a perspectiva do ensino e aprendizaxe da lingua é monolingüe e compartimentada.

Na primeira década do século XXI, coa publicación do Marco común europeo de referencia para as linguas, e coa aparición do Portfolio, ábrese un novo espazo para a conxerencia de metodoloxía e avaliación, o que redundará progresivamente na

unificación dos diferentes currícula nacionais. De feito, o enfoque TIL (tratamento integrado de linguas) está abrindo camiño para un espazo común no ensino das linguas, tanto ambientais como estranxeiras. Os modelos de aprendizaxe integrada de contidos e lingua estanse a converter, ademais, no verdadeiro motor de cambio no ensino en Europa, unha Europa que vai cara a unha perspectiva plurilingüe no ensino e na aprendizaxe.

O desenvolvemento tecnolóxico ten influído moito tamén nas mudanzas do ensino de linguas estranxeiras. En España a integración destes elementos nos centros públicos de primaria e secundaria prodúcese no ano 1985, cos proxectos Mercurio (vídeo) e Atenea (ordenadores). A partir dos anos 90, o desenvolvemento de Internet e da era dixital trae novos usos tecnolóxicos dos ordenadores: o TELL - Technology-Enhanced Language Learning- e o OLE- Online Learning Experience- fundamentados na aprendizaxe “en liña” como proceso mediante tarefas, proxectos, realidade virtual, interacción online, etc.

Coa publicación do Marco e dos diferentes proxectos CLIL/AICLE (aprendizaxe integrada de contidos e linguas) comezan a aparecer os primeiros pasos cara á utilización de linguas diferentes á L1 para aprender contidos, proceso no que non só está implicado o profesorado de lingua estranxeira, senón tamén o doutras áreas ou materias.

Todo isto non impediu que as recomendacións europeas en materia de linguas vaian enfocadas cara a un plurilingüismo que non esquece a importancia das linguas rexionais e minoritarias. Moi ao contrario, falar de competencia en comunicación lingüística é falar do papel das linguas na construción dunha identidade europea e da integración de España e Galicia en Europa, unha Europa cunha necesidade evidente de desenvolver medidas que fomenten a exposición ao feito plurilingüe.